



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Luís:

Anduvésteste alabando  
que me ibas a deixar-e,  
ahora deíxeite eu-e,  
ahora deíxeite eu-e,  
corre ben vai 'alabare.

Ai la la...

Todos:

Carballeira de San Xusto,  
carballeira derramada,  
naquela carballeiriña  
perdín a miña navalla.

Ai la la...

O río cando vai cheo  
leva carballos e follas,  
tamén podía levar-e  
as linguas murmuradoras.

Ai la la...

Un veciño:

Villagarcía de Arosa,  
bien te puedes alabar,  
Santiago con ser Santiago  
no tiene puerto de mar.

Ai la la...

Isabel:

/:Ai, que ruadiña está:/  
pandeiretas non as hai,  
tocaremo-lo pandeiro.

Ai la la...

Luís:

O río cando vai cheo  
leva carballos e follas,  
tamén podía levar-e  
as linguas murmuradoras.

Ai la la...

O páxaro cando chove  
met' o rabo na silveira,  
así fai a boa moza  
cando non tén quen a queira.

Ai la la...



Toca miña pandeireta,  
se non hei-te de quebrar,  
que me constáche-los cartos  
axúdamos a ganhar.

Ai la la...

Unha veciña:

O pandeiro toca ben-he,  
as ferreñas dál' o son-he,  
as rapazas que o tocan,  
elas de Corzón non son-he.

Ai la la...

Todos:

Ahora que vén o vran-he,  
vén as romarías toda,  
vén San Xuan de Pereira  
i-o San Roque das Maroñas.

Ai la la...

Miña carrapucheiriña,  
heiche de toca-las cunchas  
naquela corredoiriña.

Ai la la...

Luís:

Esta ruadiña d' hoxe  
mañán ha de ser sonada,  
ela que si ou que non,  
eu tamén vou na manada.

Ai la la...

Un veciño:

Quedaches de vir as nove  
viñeches ás nove e media  
pensas que non é pecado  
engañar a unha morena.

Ai la la...

Luís:

Unha noite no moiño  
unha noite non é nada  
unha semana enteira  
esa si que é muiñada.

Ai la la...

No portal de meu sogro  
apuráronm' o can  
e saleu miña soghra  
cunha tranca na man.



## Aturuxo

Todos:

Pensas que che quero moito  
porque miro para tí,  
así Dios me leve a i-alma  
/:como me rio de ti:/  
Ai la la...

Pasei pola túa porta  
e mirei polo ferrollo  
a ladra de miña soghra  
/:meteum´un pau por un ollo:/  
Ai la la...

/:Pasei pola túa porta,  
mirei qu´estabas fasendo:/  
/:as papas nunha cuchara  
vaia muller de ghoberno:/.